




Pola vertixe da luz. Roteiro

Olga Patiño Nogueira


Deseño: J.F. Lago Rey



Olga Patiño Nogueira. Profesora, poeta, actriz e directora de teatro. Ten colaborado en revistas e xornais, ademais de coordinar o libro de artista Poema dos Caneiros con textos de Uxío Novoneyra e gravados de Jesús Núñez. A súa obra poética abrangue Latexos fragmentados (2002), Atmosferas (2007) poemario ilustrado por o gravador José Valentín, Tempo en desuso (2008), Natureza Haiku - Libro de Artista : proxecto conxunto coa pintora Isabel Pintado e a escultora Soledad Penalta (2010), Silencio habitado (2013), Territorio acoutado (creación poética levada a cabo co fotógrafo Carlos Lorenzo) (2017). Traduciu ao galego a obra de teatro -Fando e Lis- do dramaturgo Fernando Arrabal. Escribiu o apuntamento teatral: - Mulleres fronte ao espello- (Revista Teatral Casahamlet). Figura nas antoloxías O trazo aberto, Negra Sombra, Alma de beiramar, Do máis fondo saen voces, As pegadas do Camiño: un camiño solidario, Flying Carpet, 47 poetas cantan a Curros Enríquez, A Coruña: Á Luz das Letras, Entremiradas, Estampas e Poemas: Libro escultura, En defensa do Poleiro, Sentimentalismo (Movemento de Vangarda. Etapa de Fundación), A cidade na poesía galega do século XXI, Las mejores historias de amor, Guía viva de ortodoxos y heterodoxos en la poesía contemporánea gallega, Las mejores poesías de amor, Amores infieles en el salón de las voces vírgenes, La primera vez...que no perdí el alma, encontré el sexo, Amor fou, ebrio desván de amores locos, Inmortal amor mortal (De la ceniza, la máscara), Versos no Olimpo: O monte do Pindo na poesía galega, 10 Poemas e unha carta para Felipe Criado, A miña luzada iluminaranos a todas (Implicadas no desenvolvemento), Os aforismos do riso futurista. Neste momento está a traballar nun novo poemario FisterraIstanbul (non é un lugar, é unha emoción), no conto “NOALBA: a terra do sol-aluado”, e tamén en Microrrelatos (relatos bonsái).




2002




2008




2007



2010



2017



2013



2017


Ás veces a tristura
esvara silandeira
polas fendas do recordo.

Ás veces a tristura
é
unha nebulosa omnipresente
que racha o alento.

Ás veces todo semella escuro
como a morte.
Entón, soamente entón,
déixaste levar
polo
abaneo dos días
e
das noites ...

Ás veces xorde
un escintileo ... *ás veces*.

Un día somnolento
abrirei os ollos
para verte
obrigarei ás pálpebras oblicuas
a descubrirse
para ver
o sorriso da túa mirada.
Todo isto por Ti.




O Nordés Fosforescente
da
túa fértil praia
brama
berros de equinoccio
dun
ocaso redimido.

Coñezo unha Illa
onde
medran escintilantes vides
que
falan coas nubre
na
linguaxe dos ben nacidos.
Falan todo o día ...
e
ao chegar a noite
apagan os seus ollos
e
pechan os seus zumegantes beizos
arrolados pola
longa Voz do Mar.

Para o meu pai

Non me soltes
Que estou nas túas mans de neve
Sucadas de fazañas remotas,
Lúcidas nebulosas
Que suxeitan as miñas raíces.

As raíces da noite
arrincan
o desafiante desexo
dos deuses convictos,
amores imposíbeis
navegando pola sombra solemne
dun *tempo en desuso*.



Para Xavier Seoane


NO limiar da inocencia
albisquei un murmurio
de láminas trasnparentes
achegueime a elas con sixilo mudo
con tremor de música fuxidía
xa que os afiados ollos do destino
latexaban cun ímpeto de incesante epopea.

12 ANOS

A súa luz tiña
unha conspiración de pesadume
constante,
reixas de silencio desterrárona
ao insomnio da nada,
estragáronlle o xermolar de ser *resplandecente*.

ASOMEIME ao agreste acantilado,
alí estaba o destino
aprendendo a sorrir.

No *vento*
está o *eu* máis recóndito.
Na *auga*
está a *inocencia* máis perversa.



CANDO os días se descolgan
como un cordón de luz que chove
as estrelas peitean o perfume que te habita,
aroma que fai nacer e florecer o latexar
de teu ser máis fondo.

Na realización do encontro
según a tarde
con voracidade espida
ata darlle alcance
á fragancia máis errante
na frescura insaciábel.




OLGA PATIÑO NOGUEIRA
poemas

CARLOS LORENZO PÉREZ
fotografías

ESPIRAL MAIOR

Na alta tarde
as pegadas de doce *homes*
de pensamento incendiario
alumean a terra.
Sombras que levan
no seu peito
o alento rachado da liberdade.
No camiño doente e mortal
voa un silencio
tecido por longas pingas de choiva
que fan tremer o óxido do aire
ata chegar á gravidade
da Carballeira,
lugar do sacrificio:
para sempre *inmortais*.



Os ollos do meu sangue
entenden
o infalíbel talismán
da inocencia
na plenitude do asombro.



Todo quedou conxelado
nese intre de vertixe
aprazada.



ATM  SFERAS
olga patiño josé valentín



odo perderme
nos lugares máis insospeitados,
lugares onde nunca estiven
e sen embargo coñezo.
O eterno retorno está alí,
sen medo aos arrogantes furacáns,
é o leito-terra abríndose paso á luz.

TERRITORIO ACOUTADO

CARLOS LORENZO PÉREZ
trabalhas
OLGA PATIÑO NOGUEIRA
poetas



ENTREABERTA A TARDE
UNHA PALABRA ANTIGA
ASOMA
DO AROMA DOS CRÓTOS
NUNHA TERRA
QUE SE ONDULA...

O.P.N

I
O labirinto
salaia dende hoxe
quérete a ti


II
O teu alento
rumor en movemento
no fondo do ser

III
O unicornio
albiscou no abismo
o Paradiso


IV
Ulen as pedras
a nenez desandada
zoa o vento



V
E na noite
espido corpo ti es
luminoso ser



VI
Deshabitado
foi aquel abrente
calado de sons



VII
Amedoeiras en flor
adobío dos campos
alma leda

VIII
Levabas en ti
a medida da choiva
en borboriños

IX
Voz de fervenza
bañas o pensamento
de luz líquida

X
Amencer es ti
que renaces en min
no teu corpo

Para Luz Pozo Garza.

É A NOITE do mundo,
é un caos de estrelas
e
un murmurio de voces
atormentadas -silandeiras,
crebadas
nas gorxas
dos homes.


É o infindo enchido
de ollos somnábulo,
de brazos abertos,
de mans crispadas ...
É a noite do alento.
Dun alento mesto,
pesado,
cargado de incógnitas,
atestado
de
silencios ...

A RADIO

Alquimista
que
debull
as verbas prisioneiras,
xirando o mundo
camiño do retorno.
Fas
que lembre
as
antigas tardes
bañadas
por *fumegante* leite
e
desbordantes biscoitos
de alento sóbrio
e
horizonte longo.
Atrápasme
no teu aromático onte,
enigmática
medusa
envolvente.

NO XARDÍN DA NENEZ (onde mora a estatua de Curros Enríquez)

Lémbrome
da transparente nenez,
onde tentaba
albiscar a sinfonía do futuro.
Ollando
a esfinxe envolta
na soidade da pedra,
sesgada de lique,
adobiada por minúsculas fervenzas.
Pousada de pombas e gaivotas.
Eu era miúda,
un sopro de vento
no zaguán da vida.
Atrapada
na visión daquel Núcleo monumental,
endosfera mítica.
Dende entón,
navego pola perífrase
da existencia
beliscando
a nenez do xardín.
Decatándome
da sincronía esfinxe~pedra:
cosmos daquela sólida conciencia,
antítese
do desacougante avispeiro da dúbida.
Forte escudo de coraxe
enfrontándose
á lei misteriosa da derrota.



QUERO mover o vento,
non me silencies!

Olga Patiño Nogueira
TEMPO EN DESUSO



ESPIRAL MAIOR
POESÍA

Para as muchachas de Ciudad Juárez

NA faciana desa terra quente
instalouse o asubiar dun vento tolo
que cuspe feroces historias futuras.
Un vento incongruente
preñado dunha sombra difusa
que medra cara a dentro
e fai a vida ausente.

Nesa terra quente
o berro ondulado da escuridade
énchese dun bosque de laios lonxitudinais
que afoga a simétrica fronteira da esperanza.
O aramado da crueldade
cerca a liberdade das bolboretas,
cala a linguaxe das flores.

Que mágoa que non deixen chegar
o cendal alento das estrelas
ás pálpebras desa ferida terra!
unha terra inverosímil onde agroman
no centro do silencio
as translúcidas voces das buguinas.

Para Alba

UN horizonte de cabaliños de mar
abrazados a unha luzada tenue
vibrante de salitre no ardor
dunha natureza salvaxe.
Iso é o que soño,
non é o que quero.
Que ía facer eu
cun horizonte de cabaliños de mar,
máis que sinalos?

Para Noa e Carlos

A MIÑA NAI

CANDO a dor
xermina no peito,
salvaxe coitelo de auga escura,
brota o sangue,
violáceo latexo
afogando o alento.
Un páramo expándese:
fungo atómico
invadindo cada nervación atordada.
A túa calor de pomba
no *meu ventre*,
iracundo de dor,
nordés da túa inmensa
xenerosidade.

POLO labirinto dos soños
as rúas son azuis, dun azul primitivo.
Os séculos seducen sen perspectiva de cansanzo,
metáfora ondulante que envolve
o tránsito de tecer a supervivencia.
Polo labirinto dos soños
a intuición tórnase certeza,
e o fulgor da insubordinación
bébese en copa de cristal
sen desacougo.
Polo labirinto dos soños
mergúllaste nas ondas adelgazadas de salitre
onde a conciencia alerta
é todo
agás o neboeiro dun naufraxio.
Polo labirinto dos soños...

VELLA NAI SALVAXE-BABÁ YAGÁ

A forza inefábel do enigma
ten un espazo no tempo,
un tempo luminoso de iniciación
onde mora a sabedoría instintiva
a que fala en suspiros
e non se engana
a que sabe
que os sonhos están feitos dunha pel
que non se pode rachar
cando cingue
un corpo animado por dentro
onde emerxe a mística enerxía da alma
nun canto de luz.

Olga Patiño Nogueira
Silencio habitado



POESÍA
PÍGALIÓN

O SON DO SILENCIO

O son dun silencio fragmentado
agroma na humidade da choiva e
o seu eco roe a alma
das flores.

A languidez das pingas
bate na lousa,
mentres a luz da lúa tenta
abrirse camiño na noite pecha.

O son cálcareo dos ósos responde
dende un espazo engaiolado
como o ladrido dun can
amortallado nas tebras.

SOÑEITE

Para vivir o teu voo,
tiven que aprender
a vivir no sangue que falas,
escoitar na noite
o baleiro dos sonhos,
a carencia da choiva
nas voces confusas
dos cánticos
que libran
as ruínas
dun silencio mesto.

Soñeite coma un milagre.
O trono espertoume
e seguí a viaxe
polo mapa da omisión,
escoitando
descender
a nervación da sombra
que palpita vacilante.

Para Alexandre Bóveda

Ti levas no sangue
o soño libertario
dun futuro heroe
coa Patria reflectida nas pupilas
e na man o florecente oráculo.
Saúdas á loita que,
de súpeto
se fai cinza.
Máis aló,
o solpor fura o silencio
e deixa constancia da
túa sombra sen fisuras.
O día-líquido medra e
o peito do triste verso
desconfía
do xardín desmembrado onde
acubillan linguas
de sombrizas siluetas.



Intuir presencias. Relatos

Olga Patiño Nogueira

SILENCIO DE ARXILA

(A DERRADEIRA NOITE DE MARÍA SOLIÑA)

Malpocada é a sociedade cuxos xuíces merecen ser xulgados e condenados.

TALMUD

Entre aquelas catro paredes de frío e pedra, humillación e tortura, cun teito de fame e un chan de tristura infinda, desatouse aquela noite o desconsolo de María Soliña que a levou ao desterro da cordura, onde a conducira a inxustiza e o abuso de poder, pedra angular da prepotencia dos covardes. O zunido do círculo inquisitorial e a podremia da nobreza uníronse para confabularse contra ela e levar a cabo un proceso feito á medida da orde establecida. Doce pregos constituíron o seu procesamento, doce coitelos de choiva ácida acurralaron a María Soliña ata quedar cuberta por unha morea de frechas de cinza que afogaron calquera presentimento de esperanza na xustiza. Aquela noite dun *silencio de arxila crebada*, o vento xemeu polas rúas desertas, chorou a lúa e enmudeceu a conversa das fadas. Entón, fíxose presenza a sombra da sombra cabalgando o colapso do tempo, e arrebatou a María Soliña das poutas depredadoras daquel tribunal cruel, e levouna á vida no confin do vento onde a morte é a liberación do escarnio.

O LOBO

(A LUZ NA ESCURIDADE)

Para Lois Pereiro

As fauces da noite aínda non se abriran, porén, o alento da súa boca, bravo e desmedido de incógnitas, estaba alí. O arrecendo dun lume fumegante converxía nunha voz única cando emerxe do centro da terra en horas escuras. Era nesa hora intempestiva na que as paixóns e os soños alleos ao seu destino abanéanse na luz do misterio.

A lúa suprema, insubornábel abríase paso ao berro agudo da horda ancestral, impedindo o retorno dun vento saqueador. O lobo tirou toda esa noite a opacidade da sorte que sostiña o seu alento ata que ouveou á preñez da lúa que pendía dun teito absorbente.

Chegou á *cova da Pedela*, canso pero lúcido, tan lúcido que sentiu como de seu o latexar de toda a caste humana: a tribo que esnaquiza a esperanza, a mesma que non se arrisca a medrar sen ferir; a que chega a consumir a morte dunha terra compartida.

Ao espertar o día, conseguiu ver o seu *lugar sagrado*, ese eido onde un se refuxia para non ser devorado, para afastarse da rutina da desesperación. Encamiñouse cara a el, mais... xa non tiña folgos.

(Silencio habitado)

A PRAZA

Era esa hora intempestiva de silencios alongados polo vento, *sempre o vento*. Asumeime ao silencio daquela praza transparente, intemporal, matizada polo vaivén da luz dun atardecer de sinuosidades opacas.

O vento fíxose máis famento, rabuñando os ensortillados dedos daquelas mans engurradas que se dirixían ao ceo, atrapadas por centenarias raíces ao chan.

A luz dese serán luminosamente gris envolveuno todo. E escoitáronse as diáfanas voces dos devanceiros.

Sen sobresaltos, a luz e mailas palabras do vento entretecéronse, e ese instante foi revelador: un recanto da alma fíxose presenza; podías velo, tocalo, ulilo... Foi un lóstrego intensamente certo.

Voltarei, por se a luz e as palabras do vento se estreitan de novo e chega a dar-me alcance, outro lóstrego intensamente certo.

O AXEXADOIRO (Rúa Argudín Bolívar)

Para a miña nai

Decidín marchar da casa aquela tarde na que a miña nai rifoume, cousa á que non estaba afeita. Eu tiña catro anos, e considerei que abandonar o fogar, era o que tiña que facer. De xeito que fun ao roupeiro, collín a miña caixa de madeira ilustrada coas facianas de dous gatiños e a miña boneca preferida. Esta tiña os cabelos louros, adobiados por un lazo azul, era miúda e chata, cun sorriso inacabado e unha saia de cadros azul e branca cuns tirantes e por debaixo destes vestía unha chambrá branca. Tiña un brazo algo ferido porque uns meses atrás tivera a curiosidade de saber a orixe do seu amolecido tacto. A pesares da pequena desfeita dun dos seus brazos, eu quería moito, máis que as outras bonecas aínda que fosen máis novas. Unha vez todo disposto, tomei a decisión de poñer en coñecemento da miña nai o meu obxectivo: *partir para sempre!*

- “*Voume, adeus*”- para a miña sorpresa, non houbo resposta, nin intento de reterme.

- "*Voume para sempre*"!!!- repetín de novo dándolle énfase ao *para sempre*. Dende a cociña a voz da miña nai respondeume - "*Adeus, boa viaxe!*"- Eu non daba crédito! Deixaba que me fose sen tentar impedilo, sen saber onde ía, aquela tarde todo eran facilidades! Eu non quería esa condescendencia, agora era cando a miña nai tiña que suplicarme que non me fora!! En lugar diso, estaba a desexarme *boa viaxe* (?!). Sentínme atordada, pero estaba decidida a seguir adiante. Non podía fraquear agora no meu propósito despois, de telo manifestado coa firmeza que os meus catro anos mo permitían.

De xeito que, co corazón apremado e a dignidade a piques de facer augas, collín a caravilla da porta, vireina e saín ao relanzo da escaleira. Denantes de pechar tras de min a seguridade que me daba aquela porta, volvíñ despedirme, esta vez non obtiven resposta. Subín dous chanzos e púxenme na punta dos pés para prender a luz. Unha vez, a soas, coa luz de 40 vatios que penduraba do teito, ceo sen estrelas, pechei a porta. Para entón, xa as bágoas asomaban aos meus ollos coa idea de precipitarse nun estanque sen peixes de cores. A penumbra estaba alí con ollos de lobo feroz. Escoitei un ruído, ou iso pareceume, ese característico son do axexadoiro cando alguén o abre.

Tiven a sensación de que a mirada da miña nai se me pegaba á caluga. Estiven tentada a xirarme e dicirlle que quería entrar, que o lugar onde quería estar era no oco da súa aperta, pero non o fixen e baixeí dous chanzos; para entón xa tiña a sensación de ter entrado no bosque onde Carrapuchiña vermella se atopaba co lobo. Somentes que no conto o arrecendo era a flores silvestres, a herba... e no ventre do xigante, que era o que semellaba aquel relanzo que había tres chanzos mais abaixo, ulía a madeira fregada con auga e lixivia.

Senteime enriba dunha folla de xornal. A miña nai sempre que limpaba as escaleiras botáballe serraduras e poñía follas de xornal por riba delas. Aínda que xa estaban secas, o cheiro da lixivia mesturada co olor das serraduras deume a seguridade de que estaba na casa, pero a penumbra dos 40 vatios, aló enriba, colgada do teito sen estrelas púxome un nó na gorxa. Premín a boneca contra o meu peito e suxeitei a caixa de madeira con forza. Pareceume que tras de min se entreabría a porta, pero non escoitei nada máis. Sentíame fóra e dentro ao mermo tempo, era unha sensación estraña.

As pernas non me obedecían para erguerme e continuar a viaxe da que levaba só dous chanzos feitos. Comecei a impar, de súpeto, sentín o aloumiño da miña nai, e díxenlle: -”*Tardaches moito en vir buscarme*”.-Ela sorriu coa mirada, colleume no colo e murmurou: -”*Non hai nin dous minutos que pechaches a porta*”-. Eu suspirei aliviada, parecéranme unha eternidade! Entrei de novo no meu fogar do que nunca saíra, cinguida ao abrazo da miña nai que desprendía un aroma a bicos de rosas.

(Silencio habitado)